

INVESTA a apegos

SÁBADO, 6 DE MAIO

Pazo da Peregrina, Bertamiráns, Ames

11:00 h

Triscus Beliscus

Rilo & Penadique

Vero Rilo e Sonsoles Penadique convidánnos a xogar, contar, cantar e bailar con Xan, con Pedro, co can, co gato e co rato ata caer de cu... polo burato. **0 - 3 anos**

12:00 h

Contos para caghar patatillas

Brais das Hortas

Música, clown e contos a partes iguais con instrumentos de refugallo creados en directo. Un espectáculo para morrer de medo... ou de risa. **+ 3 anos**

13:00 h

Caderno de cores e cancións

Magín Blanco

Concerto participativo no que Magín Blanco e Pablo Vidal convidan as crianzas a xogar cos elementos que compoñen as cancións: melodías, harmonías, rimas, ritmos... **Público Familiar**

17.00 h

A lingoreiteira

Xarope Tulú

Contos, música e moncreques para achegarnos ás historias de tradición oral e homenaxear a lingoreiteira que hai en nós, esa parte nosa que permite que a palabra e a oralidade sigan a crear vínculos de apego co noso. **A partir de 3 anos**

18.30 h

Cores, contos e rockanrol coa Ramona pequena

Pakolas e Laura Romero

Espectáculo interactivo no que as cores e os debuxos de Laura Romero se mesturan cos contos e coa música de Pakolas para fartarnos de cantar, de bailar e de gozar con todos os sentidos. **Público Familiar**

20.00 h

O poder da Superlingua

A Gramola Gominola

Gran concerto de peche no que a lingua se converte nunha superheroína que nos fará cantar, bailar, rir, xogar, amar... e todo canto se nos pase pola cabeza e polo corazón. **Público Familiar**

17.00 - 20:00 h

TATUAXES E CHAPAS CON APEGO, EDUVÍA
Obradoiro de elaboración de tatuaxes temporais e de chapas para que todas as crianzas leven un agasallo da Festa do Apego.

ACTIVIDADES PERMANENTES

das 11.00 ás 13.00 e das 16.30 ás 20.00 h

ESPAZO DE XOGOS DE MESA CON BRAZOLINDA, xogos de mesa para todas as idades deseñados e creados por Brazolinda.

ESPAZO DE XOGO LIBRE "TERRA" DE MIUDIÑO, espazo de xogo con material natural non estruturado con múltiples posibilidades para fomentar a creatividade das crianzas.

ESPAZO DE RECURSOS CON FABALoba, ampla mostra de recursos para a facilitar a crianza (contos, música, audiovisual, xogos...) e asesoramento ás persoas interesadas.

ESPAZO APEGO, información sobre o programa Apego e os recursos que pón ao dispor das familias.

COLABORACIÓN DAS LIBRARÍAS

- Lenda e Máinomen de Bertamiráns
- Nenos Nais do Milladoiro

Do 2 ao 6 de maio: mostra de recursos infantís nos escaparates.

+ **INFO:** normalizacion@concellodeames.gal
T 662 377 215

Entrada libre e gratuíta
en todas as actividades

*Se chove, as actividades trasladaranse á Casa da Cultura de Bertamiráns